

# NECESIDADES SOCIAIS DA POBOACIÓN DA ZONA RURAL NORTE. VISIÓN DENDE O TRABALLO SOCIAL

---

*Rosa Ana Baleirón Baamonde (colexiada n.º 3530)  
Premio Día Mundial do Traballo Social 2021  
Modalidade Investigación*

## RESUMO:

O motivo desta investigación foi o afán de facer un estudo sobre as necesidades sociais que presenta a poboación que vivía na zona Rural Norte do concello de Santiago de Compostela no ano 2015, dende a visión e perspectiva do Traballo Social. Para facer este estudo fíxose unha comparativa entre as intervencións realizadas e rexistradas cos usuarios de servizos sociais, e os recursos cos que contan os mesmos en dita zona, xa ben sexan de carácter social (asociacións, centros socioculturais), como sanitario ou educativo (centros de saúde, colexios). Ademais tivose en conta a perspectiva e opinión de diversos informantes clave (persoas que teñen ou tiveron unha implicación real e activa na zona) sobre as necesidades e os recursos desta.

A importancia deste informe para o traballo social é ben sinxela; é primordial para ofrecer unha resposta efectiva, localizar e detectar as características e carencias da poboación coa que se vai tratar. Ademais da poboación en si, tamén se debe ter claro cales son os recursos sociais cos que conta a zona, para poder aproveitalos mellor ou crealos se non existen.

## PALABRAS CLAVE:

Rural, necesidades sociais, recursos, informantes clave.

## **RESUMEN:**

El motivo de esta investigación fue el afán de hacer un estudio sobre las necesidades sociales que presenta la población que vivía en la zona Rural Norte del municipio de Santiago de Compostela en el año 2015, desde la visión y perspectiva del Trabajo Social. Para hacer este estudio se hizo una comparativa entre las intervenciones realizadas y registradas con los usuarios de servicios sociales, y los recursos con los que cuentan los mismos en dicha zona, ya bien sean de carácter social (asociaciones, centros socioculturales), como sanitario o educativo (centros de salud, colegios). Además se tuvo en cuenta la perspectiva y opinión de diversos informantes clave (personas que tienen o ha tenido una implicación real y activa en la zona) sobre las necesidades y los recursos de la misma.

La importancia de este informe para el trabajo social es bien simple; es primordial para ofrecer una respuesta efectiva, localizar y detectar las características y carencias de la población con la que se va a tratar. Además de la población en si, también se debe tener claro cuáles son los recursos sociales con los que cuenta la zona, para poder aprovecharlos mejor o crearlos si no existen.

## **PALABRAS CLAVE:**

Rural, necesidades sociales, recursos, informantes clave.

## **ABSTRACT:**

The reason for this research was the desire to carry out a study on the social needs presented by the population that lived in the "Rural Norte" area of the municipality of Santiago de Compostela in 2015, from the vision and perspective of Social Work. To carry out this study, a comparison was made between the interventions carried out and registered with the users of social services, and the resources available to the same people in the area, whether they are of a social nature (associations, socio-cultural centres), such as healthcare field or educational (health centres, schools). In addition, the perspective and opinion of various key informants (people who have or have had a real and active involvement in the area) on its needs and resources were taken into account.

The importance of this report for social work is very simple; it is essential to offer an effective response, locate and detect the characteristics and deficiencies of the population with which it is going to treat. In addition to the population itself, you must also be clear about the social resources that

the area has, in order to make better use of them or create them if they do not exist.

## **KEY WORDS:**

Rural, social needs, resources, key informants.

## **1. INTRODUCCIÓN**

Na realización desta investigación tívose que ter en conta unha péga: o territorio e poboación para estudar pertencen ao concello de Santiago, municipio que se considera para todos os efectos urbano, pero a zona obxecto de estudo é considerada rural, de aí a súa denominación, “Rural Norte”. Por iso o marco teórico que segue está enfocado a facer unha caracterización do rural.

### **1.1. O rural**

Segundo a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, enténdese por municipio rural de pequeno tamaño “o que posúa unha poboación residente inferior aos 5.000 habitantes e estea integrado no medio rural”.

No caso de Galicia, só o 4 % da poboación galega vive en municipios menores de 2.000 habitantes, mentres que aproximadamente a metade dos habitantes residen en núcleos (entidades singulares) menores de 2.000 habitantes; polo tanto, aínda que 10 000 habitantes pareza un tamaño elevado para definir o rural, non resulta tan elevado na práctica (Camarero, Cruz, González, Del Pino, Oliva, e Sampedro, 2009).

Nos últimos anos obsérvase un lixeiro incremento do interese polo rural español, que se viu favorecido pola posta en marcha de diversas políticas europeas e estatais, como é o caso da Lei 45/2007, que fixo que se pasase dunha perspectiva de tipo agrario a outra de tipo territorial, integrando aspectos económicos, sociais e medioambientais (Camarero et al., 2009). A lei dota de importancia o medio rural xa que integra o 20 % da poboación (que se elevaría ata o 35 % se se inclúen as zonas periurbanas<sup>1</sup>) e afecta o 90 % do territorio.

---

<sup>1</sup> Aquelas zonas de poboación crecente, con predominio do emprego no sector terciario, niveis medios ou altos de renda e situadas no ámbito das áreas urbanas ou áreas densamente poboadas (artigo 10.1 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural).

O aumento de poboación que viviu España durante a última década concentrouse principalmente nas zonas urbanas, o que tamén afectou o medio rural. Tendo en conta isto, son os municipios rurais de maior tamaño, en especial no ámbito de áreas urbanas, os que principalmente estarían a gañar poboación (Camarero et al., 2009). No caso de Santiago a franxa periurbana esténdese fundamentalmente polo sur e o oeste da cidade e afecta a tres dos municipios limítrofes coa urbe, Ames, Brión e Teo (Aldrey, 1997).

Camarero et al. (2009, p. 47) sitúan o rural da provincia da Coruña dentro do “modelo de ruralidade transición”. Este modelo caracterízase por un alto envellecemento, masculinización e redución da base da poboación. Pero a xeración soporte (entre os 30 e os 60 anos) mantén unha posición de relativa vitalidade, sostendo a dependencia que xera o envellecemento.

Para Cabero (2010) as características que presenta o rural son o forte envellecemento e un crecente sobreenvellecemento (persoas de 80 e máis anos), deficiencia de servizos sociais, de transportes públicos e infraestruturas, insuficiente rede de telecomunicacións, débil estrutura social e económica, e a debilitación da rede de apoio informal (familia, veciños, amigos) debido á incorporación da muller ao ámbito laboral e á constante emigración da xente nova.

### 1.1.1. Densidade de poboación

O antigo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (2009) caracteriza o rural español por ter unha baixa densidade de poboación, 19,79 hab./km<sup>2</sup> de media, dato inferior á media do conxunto do Estado que se sitúa en 92 hab./km<sup>2</sup>. Se falamos de Galicia, os municipios rurais seguen o mesmo patrón, 37,2 hab./km<sup>2</sup> que equivale ao 40 % da que se rexistra na comunidade, 92 hab./km<sup>2</sup>; mentres que a densidade de poboación dos municipios urbanos é de 437,4 hab./km<sup>2</sup> (Vázquez, Sineiro e Lorenzana, 2008). Seguindo isto o concello de Santiago pode ser catalogado como urbano xa que ten unha densidade de poboación no 2014 de 435,6 hab./km<sup>2</sup> (IGE, 2015).

Esta baixa densidade de poboación, leva consigo unha débil presenza da actuación primaria e unha maior dispersión de centros asistenciais e de servizos, que incrementa o desamparo e as dificultades para a fixación da poboación ao territorio (Cabero, 2010; Camarero et al., 2009). A automobidade<sup>2</sup> converteuse nun elemento clave do mundo rural contemporáneo. A centralización dos servizos (sanitarios, educativos), así como das ofertas comerciais e de ocio no urbano, outórganlle á automobidade un papel estratéxico. Este feito supón un factor de vulnerabilidade e desigualdade para numerosos grupos rurais (Camarero et al., 2009). Para Méndez (2012) hai

<sup>2</sup> Mobilidade baseada nos automóviles privados.

dous tipos de elementos indispensables para potenciar a poboación no rural que son o transporte e as TIC<sup>3</sup>. Esta falta de recursos non afecta só o transporte en xeral, senón tamén o transporte público adaptado (Charroalde e Fernández, 2006; Lorenzo, Maseda e Millán, 2008).

En canto á forma de composición dos fogares españois rurais responde ao patrón familiar clásico, que agrupa unicamente persoas dunha familia (fogares unifamiliares exclusivos). Máis concretamente, as familias nucleares, é dicir, formadas por unha parella e os fillos, constituían en 2001 o 39,1 % dos fogares, mentres que os fogares formados só por unha parella alcanzaban o 17,3 % (Camarero et al., 2009).

### **1.1.2. Envellecemento da poboación**

A proporción de poboación con idades superiores a 65 anos presenta unha relación directa coa perda de poboación, é dicir, canto maior sexa o número de persoas maiores de 65 anos, máis poboación se perderá. A taxa media global en España é do 18 %, mentres que a media global para o ámbito rural é do 31 % (Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, 2009). Espérase que a poboación que se encontra neste tramo de idade continúe en crecemento, ata alcanzar o 21,2 % en 2025 e o 30,8 % en 2050 segundo as proxeccións do Instituto Nacional de Estatística, elaboradas a partir do censo de 2001 (Hernández Rodríguez, citado en Atance, García Corral, Martínez Jávega, Pujol e Urruela, 2010). Esta taxa baséase no descenso da natalidade no pasado máis recente; maior taxa de supervivencia de nenos e xente nova, o aumento da esperanza de vida e o éxodo dos mozos e mozas cara ao medio urbano, conforman pirámides de poboación con base estreita (Martínez Coll, 2001). A estes factores engádese o fenómeno de retorno aos núcleos rurais das persoas maiores de 55 anos, que se vén experimentando dende principios dos anos noventa (García Sanz, 1994).

No concello de Santiago no ano 2014 (IGE, 2015), a porcentaxe de persoas que superan os 65 anos é do 19,6 %, e o índice de envellecemento é de 120,1. Se comparamos estes datos cos do ano 2002 veremos que se incrementou a porcentaxe de poboación maior de 65 anos un 19,5 %, e o índice de envellecemento nun 35,6 %.

Querol (2008) expresa que o peso deste grupo de poboación incide na visión e as perspectivas de futuro das xeracións posteriores. Así, xunto a unha importante porcentaxe de pensionistas, conviven xeracións de agricultores multifuncionais que complementan as súas rendas co turismo, realizando labores forestais vinculados a organismos públicos etc. Isto concorda co que sinala o Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 de Galicia (Consellería

<sup>3</sup> Tecnoloxías da Información e do Coñecemento.

do Medio Rural e do Mar, 2014), que di que o envellecemento da poboación, xunto cos efectos negativos provocados pola súa excesiva concentración e a dispersión dos núcleos, explica a dificultade que supón a articulación dun sistema eficiente de servizos básicos en materia de comunicación, benestar, saúde ou educación no medio rural. Dende o mesmo programa, critican que, “en tanto a tendencia á urbanización se consolida, a oferta de servizos oríentase necesariamente á demanda e, en ausencia dunha demanda cuantitativamente rendible, os servizos ofrecidos no ámbito rural encarácese ou simplemente extingúense” (Consellería do Medio Rural e do Mar, 2014, p. 11).

Camarero et al. (2009) sinalan que o medio rural está sobreenvellecido, pero á súa vez reduciu o peso relativo das xeracións maiores. Isto é o resultado de varios procesos: por unha parte, agora chegan a idades anciás xeracións pequenas por efecto da emigración rural; e por outra parte, a xeración soporte, creceu pola chegada de novos residentes, que reforzan a poboación nas idades intermedias. Estes novos residentes, ou como Saco (2010, p. 18) os denomina, “neorrurales<sup>4</sup>”, concéntranse nas idades novas, 20-34 anos, uns cinco anos menos que a xeración soporte, o que non só engade efectivos a esta xeración senón que lle dá continuidade. Para Méndez (2012) isto produciuse a raíz de novas oportunidades de emprego, ós efectos de algunhas políticas de desenvolvemento rural e á chegada de inmigrantes estranxeiros, o permite concibir algunhas esperanzas de recuperación.

O envellecemento da poboación, o aumento da esperanza de vida e a desaparición da familia extensa (Lorenzo et al., 2008) ten como resultado o aumento dos fogares unipersoais, e ademais reduciuse o volume das xeracións intermedias como consecuencia do intenso éxodo rural (Camarero et al., 2009).

O envellecemento trae consigo a dependencia. En Galicia, hai “aproximadamente un dependente por dúas persoas da xeración soporte, o que a fai quedar nunha situación de extrema limitación na que a actividade da súa poboación activa está estreitamente ligada á atención á dependencia” (Camarero et al., 2009, p. 90). O índice de dependencia global do concello de Santiago no ano 2014 (IGE, 2015) é de 47,7, é dicir, hai 47,7 persoas de menos de 16 e máis de 64 anos por cada 100 que teñen máis de 15 e menos de 64; deses 47,7 persoas dependentes, 28,9 teñen máis de 65 anos.

### 1.1.3. Masculinización

Camarero et al. (2009, p. 50) definen a masculinización como o “desequilibrio demográfico que se concreta nun déficit de mulleres respecto á proporción que naturalmente debese existir entre os dous sexos ou razón biolóxica”.

<sup>4</sup> Persoas de procedencia urbana que optan por situar a súa residencia e traballo no medio rural.

Segundo o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (2009), existe unha relación inversamente proporcional entre masculinización da poboación e tamaño dos municipios. No medio rural o número de homes é superior ao de mulleres (taxa maior que 100); non obstante isto non ocorre en Galicia, onde as taxas de masculinidade están por debaixo de 100, debido á maior lonxevidade das mulleres que predominan (Atance et al., 2010). A índice de masculinización do concello de Santiago no 2014 (IGE, 2014) é de 86,9 puntos.

A masculinización do medio rural pódese explicar mediante o fenómeno que se deu en chamar «fuxida ilustrada» (Atance et al., 2010, p. 47; Camarero et al., 2009, p. 54). Trátase dunha estratexia de mellora da cualificación formativa; priviléxiase o relevo na xestión da explotación por parte dos fillos varóns e foméntase o estudo das mulleres como un medio para favorecer a súa mobilidade social. Este fenómeno produce un paulatino éxodo de mulleres fóra do medio rural e dificulta a creación de novas unidades familiares no medio rural (Camarero et al., 2009; Camarero e Sampedro, 2008; Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, s.d.; Querol, 2008).

Camarero et al. (2009) e Méndez (2012) considera o binomio educación e desarraigamento rural como a causa fundamental da fuxida xuvenil do medio rural, e especialmente da fuxida das mulleres, sendo polo tanto o elemento clave da masculinización rural.

#### **1.1.4. A muller no rural**

Para Méndez (2012, p. 96) a muller no rural é invisible, “anulada por unha cultura patriarcal e machista”. Este e outros condicionantes sociais e económicos existentes no mundo rural levaron a que as mulleres abandonasen as zonas rurais en maior medida que os homes, permanecendo os colectivos de mulleres de maior idade (Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, 2009). Isto ten un tremendo impacto na sostibilidade social do rural debido a que o papel que desempeñan as mulleres tradicionalmente no rural é o da provisión de atención e coidados á poboación dependente (Camarero et al., 2009; Lorenzo et al., 2008; Méndez, 2012). Debido a este rol, a escaseza de dotacións de servizos é a causa de que o coidado dos nenos se insira con maior intensidade en formas unicamente familiares e iso modifica as posibilidades de conciliación da vida laboral coa familiar (Camarero et al., 2009). Por iso reclaman servizos de proximidade (coidado do fogar e nenos) que lles dea a oportunidade de traballar neles e acceder a outros sectores (Méndez, 2012). Cabe engadir que as mulleres son as dependentes xa que “a cuarta parte das mulleres maiores de 59 anos teñen problemas para desprazarse fóra do domicilio. Un 15 % das mulleres rurais, é dicir, unha de cada seis do devandito grupo de idade, teñen mesmo dificultades de desprazamento polo

interior da súa vivenda, cifra que alcanza a un de cada dez homes rurais” (Camarero et al., 2009, p. 82).

Para deter a emigración feminina do rural, é necesario mellorar as condicións de vida das mulleres rurais e combater os desequilibrios de xénero existentes, ou o que é o mesmo, incorporar o enfoque de xénero ao desenvolvemento rural e construír con iso un desenvolvemento sostible (Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino, s.d.).

Se se analiza a poboación activa de Galicia segundo o sexo e o sector económico, chama a atención que no sector agrario e gandeiro, dende o ano 2010 ata o 2015 (IGE, 2015), houbo un descenso de 11 500 mulleres (nos homes só reduciron 5.600).

## 1.2. Os servizos sociais no rural

Segundo o artigo 2 da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, enténdese por servizos sociais o “conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos expresados no artigo seguinte”. No artigo 9 fai referencia á coordinación dos servizos sociais comunitarios con diversos servizos, especialmente, se é o caso, co de desenvolvemento rural para favorecer unha intervención integral coas persoas.

No artigo 2 do Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, no seu punto 2 apartado *b*, garántelles a proximidade dos servizos sociais comunitarios ás persoas usuarias e ás súas familias.

Pero non só as leis específicas dos servizos sociais, fan referencia á proximidade e a garantir uns servizos de calidade. A Lei 45/2007, para o desenvolvemento sostible do medio rural persegue a mellora da situación socioeconómica da poboación das zonas rurais e o acceso a uns servizos públicos suficientes e de calidade. No artigo 2 formula como obxectivos o dotar ao medio rural, e, en particular aos seus núcleos de poboación, das infraestruturas e os equipamentos públicos básicos necesarios en especial en materia de transportes, enerxía, auga e telecomunicacións; potenciar a prestación duns servizos públicos básicos de calidade, adecuados ás características específicas do medio rural, en particular nos ámbitos da educación, a sanidade e a seguridade cidadá; garantir o dereito a que os servizos no medio rural sexan accesibles ás persoas con discapacidade e as persoas maiores. Estes servizos son os de educación, sanidade (onde tamén se formula como obxectivo a mellora do acceso dos cidadáns); e os servizos sociais como queda recollido no artigo 32 “protección social” onde se establece o facer efectivo o acceso ás prestacións e servizos sociais.



Todo isto se ve confrontado co punto 1 da disposición transitoria segunda «Asunción polas comunidades autónomas das competencias relativas a servizos sociais» da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local expone que “o día 31 de decembro de 2015, [...], as comunidades autónomas asumirán a titularidade das competencias que se prevían como propias do municipio, relativas á prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social”. Aínda que a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, determina que estas competencias “continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica”.

Segundo isto, os concellos só exerceran como competencia propia a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. Isto modifica os artigos 25 (punto 1, apartado k) e 26 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, na que se lles daba competencias aos concellos para prestar os servizos sociais, e obrigaba os municipios de máis de 20 000 habitantes a prestalos. Agora tan só estarán obrigados a avaliar e informar.

Para Cabero (2010) e Lorenzo et al. (2008), no rural, son prioritarios os servizos de proximidade e a atención ás persoas maiores, que abrangan aspectos como a atención a domicilio, a promoción da autonomía e os programas de autoaxuda e de desenvolvemento persoal, entre outros. Esa proximidade ten que ser axeitada aos contextos cotiáns, e formar un instrumento de apoio para que a poboación permaneza e se fixe no seu ámbito habitual. Debe desenvolverse, na medida do posible, na casa dos usuarios; cando isto non sexa posible, estas persoas deben dispoñer dun transporte público que os achegue a onde poidan recibir a atención que necesitan (Cabero, 2010; Lorenzo et al., 2008). Pero, para o mesmo autor, a falta de transporte público e o mal estado das estradas (principalmente provinciais e municipais) aumenta o illamento.

No mundo rural sobresa o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) como a prestación máis demandada (debido ó desexo das persoas maiores de permanecer no seu domicilio), o que determina que non só se presten servizos sociais, senón sociosanitarios nos que participen os axentes de desenvolvemento rural, de igualdade, de asociacións, centros escolares, casas de cultura e de toda a poboación en xeral concentrados en centros polivalentes que integren e optimicen os escasos recursos dispoñibles (Cabero, 2010). Pero no caso de España, isto non está pasando, xa que é un dos países da Unión Europea con menos gasto público na asistencia ós maiores (Lorenzo et al., 2008).

Para Jurado e Pérez-Mayo (s.d.), o envellecemento da poboación rural implica unha forte dependencia do sistema de pensións (Consellería do Medio Rural e do Mar, 2014), e estas acostuman ser inferiores ás percibidas pola poboación urbana (García Sanz, 1996; Jurado e Pérez-Mayo, s.d).

A información ten un dobre fío no rural para Cabero (2010). Por unha banda “a información sobre servizos sociais, axudas ou subvencións ás que ten dereito esta poboación non sempre chega a quen máis a necesita” (Cabero, 2010 p. 8); e por outra “non temos conceptos precisos e definicións contrastadas acerca da pobreza rural en España, en boa medida invisible para as estatísticas e oculta para a sociedade” (Cabero, 2010 p. 11), é dicir a información nin chega ao rural nin chega desde o rural.

Para este mesmo autor, a pobreza do rural sófrea a poboación que sofre máis a inmovilidade (maiores e mulleres), e asóciase coa accesibilidade ou non a bens e servizos (transporte, cultura...). A exclusión social relaciónase non só coa carencia de ingresos, senón coa privación de dereitos e oportunidades, como pode ser a asunción do coidado dos familiares, principalmente, polas mulleres (Cabero, 2010; Novo-Corti e Barreiro-Gen, 2012). Cabe resaltar que segundo Cabero (2010) e Miguez (2012) algunhas demandas e necesidades sociais resultan máis custosas no rural que no urbano debido a dispersión poboacional.

## **2. DESCRICIÓN DA ZONA RURAL NORTE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

### **2.1. Delimitación xeográfica**

A cidade de Santiago de Compostela está situada na provincia da Coruña. É a capital de Galicia, a sede da arquidiocese, do distrito universitario e do partido xudicial homónimos, ademais de constituir un dos principais centros culturais do país (Concello de Santiago, 2005a). A zona na que se centra esta investigación é a Rural Norte, que se sitúa na parte norte do concello de Santiago de Compostela. Delimita cos concellos de Ames, Val do Dubra, Trazo e Oroso; e abrangue as parroquias da Barciela, Busto, A Enfesta, San Xoán de Fecha, Santa Cristina de Fecha, Grixoa, Marantes, Nemenzo, San Caetano, A Peregrina e Verdía.




Figura 1. Mapa da zona Rural Norte.

Fonte: Elaboración propia a partir de Compostela Virtual (2015). Recuperado de <http://www.compostelavirtual.com/>.

## 2.2. Poboación

Na zona Rural Norte, segundo os datos do padrón de habitantes de 2015, hai un total de 4312 persoas, das cales 2227 son mulleres e 2085 homes. A maior parte da poboación, un 27,4 %, vive na parroquia de San Caetano e un 14,7 % na da Enfesta. Nas parroquias onde menos poboación vive é na de Santa Cristina de Fecha con só un 3,4 % da poboación da zona. En case todas as parroquias a porcentaxe de mulleres é superior á dos homes e destaca o caso de Santa Cristina de Fecha onde o 60,5 % da poboación é muller; nas de Grixoa, Nemenzo e A Peregrina ocorre o contrario, hai máis homes que mulleres. Tan só un 0,8 % da poboación da zona é estranxeira. Dato que contrasta coa porcentaxe do concello no que a poboación estranxeira represente o 3,9 % da poboación total (datos do Padrón de habitantes de 2015). En canto á idade, o número máis elevado de poboación ten entre 61 e 75 anos (21,7 %), seguido dos que teñen entre 16 e 45 que suman o 42,6 %. A franxa de poboación menos habitual é a de 91 ou máis anos (1,7

%). Cabe resaltar que os habitantes de máis de 61 anos suman o 34,9 %, mentres que os de 0 a 29 anos acadan o 22,5 %.

### **2.3. Recursos educativos**

En toda a zona só existe un centro educativo, o Colexio de Educación Infantil e Primaria Arquitecto Casas Novoa. Está situado no lugar da Sionlla de Abaixo n.º 10, na parroquia da Enfesta. Na súa zona educativa inclúense as parroquias da Barciela, Busto, Grixoa, Marantes, Nemenzo, San Caetano, Verdía e por suposto a Enfesta. Conta con servizo de transporte escolar e con comedor que, segundo a capacidade económica da familia, pode chegar a ser gratuito. É o único colexio do concello con xornada partida (mañá e tarde) o que fai que moitos pais de distintas partes de Santiago matriculen os seus fillos neste centro.

### **2.4. Recursos de saúde**

O Rural Norte está enmarcado na área sanitaria de Santiago, recollido no Decreto 126/1984, do 27 de xullo, polo que se aproba o mapa sanitario de Galicia. A zona non conta con ningún centro sanitario, polo que os seus habitantes acoden o Centro de Saúde de Vite, na súa maioría, ou a outros centros. É sorprendente que tampouco haxa ningunha farmacia en todo o territorio.

#### **2.4.1. Tecido asociativo e sociocultural**

Na zona obxecto de estudo atópanse 10 centros socioculturais, xa que na Barciela non hai ningún. Contan con 12 asociacións veciñais, 4 de tipo cultural, 4 deportivas e 4 asociacións xuvenís.<sup>5</sup> As parroquias con máis movemento asociativo son as de San Caetano e a de San Xoán de Fecha, xa que son as que contan con maior número de asociacións e de tipo máis variado.

### **2.5. Recursos económicos**

Un dos recursos económicos máis importantes e con máis proxección de cara ao futuro da zona atópase na parroquia da Enfesta, onde está situado o polígono industrial da Sionlla. Trátase dunha superficie de 1 33 228 metros cadrados de solo industrial segundo a Coordinadora Española de Polígonos Empresariais (2015), que foi inaugurado no ano 2012. Na actualidade só están en funcionamento a que é unha das empresas máis

<sup>5</sup> Concello de Santiago de Compostela (2015b) e de Centros Socioculturais de Santiago (2005)

grandes de Santiago, a Financiera Maderera S.A., coñecida como a FINSA, e recentemente a tenda Bricomart. A FINSA (2014) contaba en 2014 cun total de 3015 empregados o que a converte nun dos sustentos de moitas familias. Actualmente o polígono atópase en expansión coa venda de varias parcelas.

### **2.5.1. Turismo**

Neste apartado temos que falar do sector hostaleiro, que tamén ten a súa presenza na zona. No referente ao aloxamento, segundo a páxina web de Turismo de Galicia (2013), actualmente hai tres hoteis (dous en Marantes e un na Enfesta) e tres casas de turismo rural (Sta. Cristina de Fecha, outra en San Caetano e unha na Peregrina). Se nos centramos no gastronómico, atopamos un total de cinco restaurantes na zona, tres deles na parroquia da Enfesta, un na Barciela e outro en San Caetano (Turismo de Galicia, 2013).

E como non, hai que falar do Camiño de Santiago. Pola zona Rural Norte transcorren uns 11,2 quilómetros do camiño inglés; este pasa polas parroquias de A Barciela, Marantes, A Enfesta e San Caetano.

### **2.5.2. Recursos de mobilidade**

As vías de comunicación máis importantes que transcorren pola zona son (Concello de Santiago, 2005c): a estrada nacional N-550 ao seu paso pola Enfesta, Marantes e A Barciela, unha estradas comarcal (pasa polas parroquias de Sta. Cristina de Fecha, Fecha e A Peregrina), unha provincial (A Grixoa e A Peregrina), e transcorre pola zona a autoestrada AP-9, pero non ten saída/entrada.

En canto ao transporte público, hai diversas zonas que non teñen ningún tipo de transporte, este é o caso das parroquias de San Xoán de Fecha, Verdía, Nemenzo, Busto e Marantes. As parroquias que mellor comunicadas están son: A Peregrina (transcorren tres liñas), Grixoa (transcorren dúas liñas) e A Enfesta (transcorren dúas liñas). A liña Grixoa-Santiago de Compostela só pasa dúas veces ao día, unha de ida e outra de volta. A liña Santa Comba-Santiago Estación de Autobuses e a liña P4: Praza de Galicia/Sionlla, só teñen catro autobuses ao día, dous de ida e dous de volta. Aucasa (2012), Monbús (2015) e Tussa (2015).

### 3. MATERIAL E MÉTODOS

#### 3.1. Obxectivos

##### Xeral

- Comparar as necesidades sociais con relación ás intervencións que se realizan cos usuarios de servizos sociais da zona Rural Norte do concello de Santiago de Compostela, coa opinión que teñen informantes clave con implicación directa na zona.

##### Específicos

- Describir as características sociodemográficas dos usuarios dos servizos sociais comunitarios da zona Rural Norte.
- Identificar as intervencións sociais que se realizan cos usuarios dos servizos sociais comunitarios da zona Rural Norte.
- Sinalar cales son as necesidades sociais que ten a poboación do Rural Norte, segundo a opinión dos informantes clave.
- Coñecer a opinión dos informantes clave sobre os recursos existentes.

#### 3.2. Poboación obxecto de estudo

Para acadar o obxectivo xeral desta investigación contouse con dous grupos de poboación diferentes:

- As 160 persoas da zona coas que se estaba intervindo a día 31 de marzo de 2015 (última data de obtención de datos) dende os servizos sociais. Para establecer o número, o universo poboacional de referencia foron os 443 expedientes familiares da UTS<sup>6</sup>07 do concello de Santiago de Compostela. Os expedientes empregados foron aqueles que seguen abertos (que non están dados de baixa debido a falecemento dos usuarios ou a derivación a outra UTS) e só os que tiñan algunha intervención en activo. Dentro da unidade de convivencia, só se seleccionaron as persoas que tiñan algunha intervención aberta.

---

<sup>6</sup> Unidade de Traballo Social

- O segundo grupo foi a que se denominou informantes clave. Estas son persoas que, pola súa implicación directa coa zona Rural Norte, teñen unha visión de conxunto e próxima da situación da poboación e as súas necesidades sociais. Este grupo quedou formado por un total de 10 persoas. Contouse cos seguintes profesionais:
  - 2 Orientadoras de centros educativos que teñen alumnos da zona.
  - 1 Traballadora social dun dispositivo de saúde ao que acode poboación da zona.
  - 2 Persoas relacionadas con centros socioculturais.
  - 3 Traballadores sociais pertencentes a dúas entidades de iniciativa social.
  - 1 Persoa pertencente á unha organización relixiosa.
  - 1 Traballadora social pertencentes á unha asociación.

Neste caso o tipo de mostraxe que se empregou foi estratéxico, é dicir, seleccionouse unha mostra onde a poboación responde a criterios acordes cos obxectivos da investigación.

### **3.3. Técnicas de recollida de datos**

Para obter os datos precisos para a realización da comparativa, empregáronse dúas técnicas; a primeira foi o uso e reelaboración de datos secundarios e a segunda a enquisa.

A primeira das técnicas realizouse a través da consulta dos expedientes familiares existentes na UTS 07 de Santiago de Compostela, de onde se extraeron os datos precisos para o análise das necesidades. Para iso procedeu-se a revisión dos datos recollidos no XIESS<sup>7</sup> e en soporte papel e recolleuse nunha guía de extracción de datos, baseada no catálogo de servizos sociais.

Para o estudo da opinión dos informantes clave, elaborouse unha enquisa que foi administrada mediante entrevista persoal.

---

<sup>7</sup> Xestión Integral de Expedientes de Servizos Sociais: programa informático empregado nos servizos sociais de Santiago de Compostela, que unifica todos os expedientes sociais nun único. Neste expediente social básico recóllense os datos de identificación da persoa, as circunstancias familiares, residenciais, económicas, laborais e persoais que resulten significativas para os efectos de determinar a súa situación social. Tamén quedan rexistradas todas as intervencións e os servizos prestados ás persoas na súa relación co sistema galego de servizos sociais no seu conxunto.

### 3.4. Tratamento de datos

O tratamento de datos realizouse de forma manual a través da utilización dunha folla de cálculo, dende a cal se fixo o recuento dos datos obtidos para a posterior elaboración de táboas que permiten a análise destes.

## 4. RESULTADOS

### 4.1. Sobre os usuarios da UTS 07.

#### 4.1.1. Características sociodemográficas.

Máis de 3 de cada 5 usuarios de servizos sociais son mulleres. Dato que chama a atención tendo en conta que a non hai grandes diferenzas na poboación xeral atendendo ao sexo. No referido ao estado civil, unha gran porcentaxe da poboación está solteira. Resulta curioso que non haxa ningún usuario divorciado. Outro dato de interese é que máis da metade dos usuarios (56'9 %) teñen máis de 60 anos. Tendo en conta isto, pódese perfilar como modelo de usuario típico a unha muller de máis de 60 anos e solteira.

En canto a nacionalidade, só un 2,4 % son estranxeiros. Se analizamos os usuarios pola parroquia á que pertencen, pódese dicir que tan só un 3,7 % dos habitantes da zona Rural Norte eran usuarios de servizos sociais (con expediente aberto e intervencións en activo) na data da recollida de datos. Destes 160 usuarios case a metade son das parroquias de San Caetano (17,5 %), A Enfesta (16,8 %) e A Peregrina (13,7 %); sendo a parroquia de Busto a que menos usuarios ten (5 %). Se se compara a poboación total da parroquia coa poboación usuaria, pódense observar pequenas diferenzas. Así aínda que a porcentaxe maior de usuarios sexa de San Caetano, está non se corresponde co volume que representa no total da poboación (17,5 % fronte ao 27,4 %); tamén Santa Cristina de Fecha e Verdía, teñen unha porcentaxe de usuarios menor á porcentaxe de habitantes. En todas as demais parroquias é superior, chamando á atención as parroquias da Barciela e Nemenzo onde hai unha diferenza de 2,6 puntos entre os usuarios e os habitantes.

Na forma na que están compostos os fogares e núcleos de convivencia dos usuarios, obsérvase a porcentaxe tan alta de persoas que viven soas, 19,4 %. A maioría dos usuarios (28,8 %) vive dentro dunha familia nuclear (parella con fillos), ou se non, viven nunha familia monoparental (18,2 %). Obsérvase que o modelo de convivencia é o tradicional, os usuarios residen coa súa familia extensa (avós, pais e fillos) e non con outras persoas (só o fan o 10,5 %), sendo o modelo menos habitual o da parella que viva soa (8,1 %). En canto o número de persoas que vive no domicilio, case 2 de cada 5 usuarios vive con só outra persoa (22,5 %). Máis da metade dos usuarios que forman parte dunha familia



monoparental, ten máis de 60 anos. Máis de 7 de cada 10 usuarios que viven sos teñen máis de 60 anos. Vemos que en idades entre os 75 e os 89 anos, os usuarios viven só coa súa parella (38,5 %). A metade dos usuarios que vive con outras persoas, teñen entre 60 e 74 anos. Os usuarios de 0 a 14 viven na súa maioría en familias de tres xeracións (60,0 %) e que os de máis de 90 anos reside case na súa totalidade coa familia extensa (80,0 %).

En canto aos sectores nos que se encadra a intervención cos usuarios, débese indicar que un mesmo usuario, debido ás súas características, pode pertencer a diversos sectores. Como se pode ver na seguinte táboa, máis de 7 de cada 10 usuarios atendidos atópanse nun dos sectores de maiores (32,7 %), discapacidade (22,7 %) e dependencia (22,3 %). Chama á atención o número de intervencións encadradas no sector muller (6,2 %).

Táboa 1.

*Sectores de poboación ós que se vincula a intervención.*

	N.º	TOTAL
MAIORES (+ de 65 anos)	69	32,7
FAMILIA	5	2,4
DEPENDENCIA	47	22,3
DISCAPACIDADE	48	22,7
MULLER	13	6,2
EMIGRANTES	6	2,8
INMIGRANTES	2	0,9
MINORÍAS ÉTNICAS	4	1,9
MENORES	5	2,4
TOXICÓMANOS	1	0,5
ENFERMOS PSIQUIÁTRICOS	2	1,0
OUTROS	9	4,2
TOTAL	211	100

**Nota:** Resposta múltiple.

No relativo os usuarios con discapacidade, máis de 1 de cada 5 usuarios do rural a ten recoñecida. Se se analiza o sexo destas persoas, vemos que a proporción de homes e mulleres con discapacidade recoñecida é moi similar, un 43,9 % dos usuarios dos servizos sociais teñen discapacidade, mentres que só un 26,2 % das usuarias a teñen. Se se analiza a porcentaxe en relación á porcentaxe global de usuarios da parroquia; destaca que a metade dos usuarios atendidos de Busto, Santa Cristina de Fecha e Verdía, teñen discapacidade. Dos 52 usuarios con discapacidade, un 76,9 % ten un grao recoñecido superior ó 65 %, o que dá a posibilidade de percibir unha prestación económica se a persoa está nun estado de necesidade económica, e que asegura a asistencia médico-farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios, aínda que non se teña cotizado ou se cotizara de xeito insuficiente (IMSERSO, 2015). Case 2 de cada 5 usuarios con discapacidade ten recoñecido o complemento por terceira persoa, para o cal hai que ter recoñecido un grao igual ou superior ó 75 % e se se precisa da axuda doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida diaria (IMSERSO, 2015).

Se falamos de dependencia, case 2 de cada 5 usuarios do rural a ten recoñecida. Se se analiza o sexo destas persoas, vemos que a proporción de mulleres con dependencia é moi superior á dos homes, un 66,7 % fronte a un 32,1 %. Pero esta porcentaxe non é moi significativa se temos en conta o número total de usuarias, das cales só un 35,0 % ten dependencia. Existen tres graos de dependencia I, II e III segundo a capacidade da persoa para realizar as distintas actividades básicas da vida diaria, sendo o grao I máis autónomo e o grao III o máis dependente; dos 54 usuarios que hai con dependencia, un 46,4 % ten un grao III recoñecido, é dicir, case a metade son grandes dependentes.

Hai un 6,3 % de usuarios que teñen incapacidade xudicial.

#### **4.1.2. Intervencións.**

Empezaremos facendo referencia ás intervencións ou servizos de carácter técnico profesional. Segundo os resultados, a metade dos usuarios están percibindo algunha destas intervencións ou servizos. A metade dos usuarios contan xa co Programa individual de atención (PIA), e o número coincide coa cantidade de usuarios con dependencia recoñecida xa que, unha vez recoñecida esta situación, iniciase de oficio, o procedemento para a elaboración do PIA. Na resolución deste determínase a modalidade ou modalidades de intervención máis axeitadas do interesado segundo o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do

dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. A segunda intervención deste tipo con máis usuarios é a asesoría xurídica cun 18,2 %.

Táboa 2.

*Intervencións ou servizos de carácter técnico-profesional.*

	N.º	TOTAL
RECOÑECEMENTO DE DEPENDENCIA	4	4,1
RECOÑECEMENTO DE DISCAPACIDADE	5	5
PROGRAMA INDIVIDUAL DE ATENCIÓN	54	54,6
INTERVENCIÓN FAMILIAR	5	5
ATENCIÓN PSICOLÓXICA	5	5
ABRAMOS O CIRCULO	-	
ASESORÍA XURÍDICA	18	18,2
PREPARA	3	3,1
ALUGA	-	
BUSCA ACTIVA DE EMPREGO	5	5
TOTAL	99	100

*Nota:* Resposta múltiple.

No relativo aos servizos e actuación de natureza material ou tecnolóxica. Tan só un 24,4% dos usuarios teñen este tipo de intervención. A metade dos usuarios de Santa Cristina de Fecha teñen un servizo ou actuación deste tipo. Chama a atención que na parroquia de Grixoa non haxa ningún usuario con este tipo de intervención. En canto os tipos de servizos máis habituais son os de Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e o centro de día; cun 33,3 % e 31,1 % respectivamente.

Táboa 3.

*Servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica.*

	Nº	TOTAL
DE DÍA	14	31,1
RESIDENCIAL	5	11,1
VIVENDAS TUTELADAS	1	2,2
CENTRO DE INFORMACIÓN A MULLER	6	13,3
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	15	33,3
TELEASISTENCIA	3	6,8
ATENPRO	-	-
PRAZAS GARDERÍAS	1	2,2
TOTAL	45	100

*Nota:* Resposta múltiple.

Se facemos referencia ás prestacións económicas que perciben os usuarios, vemos que unha porcentaxe moi alta, o 64,4 % de usuarios percibe algunha. Destaca que ningún usuario de Santa Cristina de Fecha perciba algunha prestación económica. As parroquias onde máis usuarios a perciben é en Grixoa, onde o fan 8 de cada 10 usuarios. Case a metade dos usuarios que perciben algunha prestación percibe unha Pensión non Contributiva (PNC), sexa cal sexa a súa modalidade (Xubilación ou Invalidez). O número destas persoas que percibe o complemento para o alugueiro é ínfimo (só o 3,8 % dos usuarios con PNC). Destaca tamén a cantidade de usuarios que perciben libranza por coidados no contorno familiar, 19,3 % (3 deles en trámite). Esta prestación consiste nunha contía económica de carácter periódico cuxa finalidade é proporcionar á persoa beneficiaria recursos económicos para contribuír á cobertura dos gastos derivados da atención prestada pola persoa coidadora non profesional (IMSERSO, 2015). Resulta curioso que un 4,7 % dos usuarios que perciben algunha prestación, a reciban dunha Entidade de Iniciativa Social, que prestar alimentos, vestimenta ou axudas económicas puntuais. Cabe resaltar que o 88,9 % dos coidadores son mulleres e que á súa vez coidan a 3 mulleres por cada 5 persoas.

Táboa 4.

*Tipos de prestacións económicas.*

	N.º	TOTAL
RISGA	2	1,8
AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	-	-
MAPIS (axuda municipal de emerxencia) ALUGUER	-	-
MAPIS (axuda municipal de emerxencia) MANUTENCIÓN	6	5,5
MAPIS (axuda municipal de emerxencia) COMEDOR	-	-
MAPIS (axuda municipal de emerxencia) ACTIVIDADES	-	-
ACOLLEMENTO FAMILIAR DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	-	-
ACOLLEMENTO FAMILIAR MENORES	2	1,8
ACOLLEMEMENTO FAMILIAR DE MAIORES	-	-
CHEQUE ASISTENCIAL	2	1,8
LIBRANZA COIDADOS NO CONTORNO	21	19,3
LIBRANZA DE ASISTENCIA PERSOAL	1	0,9
LIBRANZA VINCULADA AO SERVIZO	2	1,8
PERIÓDICA DE APOIO MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	-	-
AXUDA ECONÓMICA PARA MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	-	-
PAGAMENTO FILLOS MENORES 3 ANOS	1	0,9

PRESTACIÓN POR FILLO A CARGO	1	0,9
PNC XUBILACIÓN	34	31,3
PNC INVALIDEZ	19	17,4
COMPLEMENTO ALUGUEIRO PNC	2	1,8
EXENCIÓN DE TAXAS MUNICIPAIS	4	3,7
TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA	-	-
BONOBUS	7	6,4
ENTIDADES INICIATIVA SOCIAL	5	4,7
TOTAL	109	100,0

*Nota:* Resposta múltiple.

## 4.2. Opinión dos informantes clave

O segundo grupo preciso para acadar o obxectivo xeral desta investigación foi o que se denominou informantes clave. Estas son persoas que, pola súa implicación directa actual ou pasada coa zona Rural Norte, teñen unha visión de conxunto e próxima da situación da poboación e as súas necesidades sociais. Estivo formado por un total de 10 persoas (ver apartado III), pertencentes ao ámbito sanitario, educativo e social. A súa opinión foi recollida unha enquisa a través dunha entrevista persoal.

### 4.2.1. Características sociodemográficas dos entrevistados

Os informantes clave entrevistados foron na súa maioría mulleres (80,0 %). A súa idade está comprendida entre os 25 e 54 anos (90,0 %) e entre os 55 e 64 anos (10,0 %).

Estes informantes clave, aínda que poidan pertencer a mesmo tipo de organismo, non traballan coas mesmas parroquias.

#### 4.2.2. Sobre as necesidades sociais da poboación

As opinións que teñen os informantes clave con relación ás necesidades que detectan eles dende o seu eido profesional concordan nalgúns aspectos. Un dos aspectos que detectan os profesionais dos centros socioculturais, asociacións e entidades de iniciativa social é o illamento da zona; debido ás malas comunicacións que teñen e a dispersión do territorio (algo que se amosa no apartado II.5.2). Tamén dende os centros socioculturais e de saúde, asociacións e organizacións relixiosas, ven que a poboación da zona é moi maior, e que necesita de compañía xa que sofre en maior medida o illamento e a soidade. Estes mesmos informantes, agás a organización relixiosa, cren que hai unha falta de recursos e instalacións no rural. Dende as entidades de iniciativa social, manifestan carencias materiais, de vivenda e subministracións, e na hixiene persoal, pero tamén detecta a necesidade da poboación de alimentos, cada vez máis demandados. Os centros educativos o que ven é que *“hai unha falta de motivación por parte dos habitantes de cara a consecución duns obxectivos (esixen pero non dan a cambio)”*, o individualismo das familias e a falta de recursos de tipo educativo (bibliotecas). Dende o centro de saúde detéctase a presenza de enfermidades crónicas, de dependencia e discapacidade, e tamén a necesidade de ocupación laboral por parte da xente moza.

Ante a pregunta *“cre que esas necesidades concordan coas demandas que realizan os usuarios aos servizos sociais do concello?”* un 80 % respondeu que si. O máis destacable é que dous profesionais que traballan máis directamente coa poboación, como son o dunha entidade de iniciativa social e do centro sociocultural, opinen que esas necesidades non chegan ao concello.

Ante a pregunta *“pensa que hai diferenza nas necesidades que presenta a poboación da zona coas do resto do concello?”* todos opinan que si agás o membro da organización relixiosa. As diferenzas negativas que perciben os profesionais dos centros de saúde e socioculturais, dunha entidade de iniciativa social e da asociación, son a falta de recursos, o illamento físico no rural e psicolóxico no urbano e sobre todo a falta de transporte público. En sentido positivo, opinan que no rural teñen a vantaxe de que contan con recursos básicos de alimentación (centro educativo, centro saúde e dos profesionais de entidades de iniciativa social). Dende os centros educativos o que detectan no rural é un maior grao de preocupación polos nenos que na cidade.

Só 2 dos informantes clave respondeu que “non” ante a pregunta de si poden ou non facer algo na resolución das necesidades da zona, e foron os profesionais dos centros socioculturais. Do resto de profesionais que opinan que si poden facer algo, a maioría refírese a informar á poboación dos recursos que existen e a coordinación cos distintos organismos para proporcionar unha actuación mellor. A profesional da asociación e unha dunha entidade

de iniciativa social, opinan que se debe intervir nos aspectos que os servizos sociais non poidan cubrir.

### 4.2.3. Sobre os recursos

Ante a pregunta “*que recursos sociais (programas, servizos, infraestruturas) cre que necesita a zona?*”, os profesionais dos centros de saúde e socioculturais, un profesional dunha entidade de iniciativa social, da organización relixiosa e dun centro educativo, opinan que a zona precisa de transporte público. Un profesional dunha entidade de iniciativa social opina que os servizos que hai e que se crean teñen que adaptarse ao rural. Tres profesionais dos centros educativo, de saúde e sociocultural, opinan que faltan recursos para os nenos, en concreto actividades de tempo libre e de reforzo educativo (centro de saúde). Ademais (agás o centro educativo) tamén opinan que debe haber actividades para maiores, sobre todo de hábitos de saúde de cara a previr a dependencia. Tamén chama a atención a proposta de dous profesionais da asociación e dunha entidade de iniciativa social, que piden que se acerquen os servizos sociais e o centro de saúde ou incluso trasladalos de lugar.

No canto a opinión dos informantes clave sobre se os habitantes da zona teñen un coñecemento real acerca dos recursos que existen, a diferenza entre os que si e os que opinan que non están informados é moi pouca, aínda así son maioría os que opinan o segundo. Os que opinan que si (40 %) cren que os habitantes saben os recursos que hai aínda que non os utilizan por “*vagancia*” (profesional do centro educativo). Os profesionais que opinan que non teñen un coñecemento, avogan por que se informe a través de campañas informativas (centro saúde), dende os centros socioculturais e dos centros de saúde, das parroquias e a través de charlas. En canto a como poden eles informar ou se deben, todos opinan a que teñen o deber de informar sobre os recursos existentes agás un profesional dunha entidade de iniciativa social que opina que é un deber dos servizos sociais.

A última pregunta do cuestionario daba a opción de que cada informante, se quería, engadise algo máis. As profesionais do centro de saúde e da asociación, remarcaron a importancia de ter un transporte público para poder acceder aos recursos, e a escaseza destes no rural. Tamén opinaron que a poboación do rural se debe implicar máis nas actividades ofertadas, o que repercutiría positivamente na súa saúde (centro educativo e sociocultural). Dous profesionais de entidades de iniciativa social expresaron que hai un descoñecemento sobre o rural, e que moitas veces se esquece que está aí, e que se deben abrir novas canles para a participación cultural e que se deben adaptar os recursos ao rural.



## 5. DISCUSIÓN

A zona Rural Norte é unha zona fortemente envellecida, concordando co exposto polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (2009), o que fai que as pirámides de poboación teñan base estreita tal e como di Martínez Coll (2001). No concello de Santiago, no ano 2014 a porcentaxe de persoas que superaban os 65 anos era do 19,6 %. No caso da zona Rural Norte agrávase xa que a porcentaxe de persoas maiores de 61 anos é do 34,9 %. Querol (2008) expresa que o peso deste grupo de poboación incide na visión e as perspectivas de futuro; tal e como di o Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 de Galicia, que culpabiliza o envellecemento da poboación da dificultade que supón a articulación dun sistema eficiente de servizos básicos en materia de comunicación, benestar, saúde ou educación no medio rural. No mesmo programa aseguran que esta ausencia de demanda cuantitativamente rendible, fai que os servizos ofrecidos no ámbito rural se encarezan ou simplemente se extingan. Isto explicaría a ausencia de transporte público, unha maior dispersión de centros asistenciais e de servizos (Cabero, 2010; Camarero et al., 2009). O primeiro problema foi definido no apartado II deste informe, onde se pode ver que non existen centros de saúde en toda a zona e a escaseza de transporte público, así como a precariedade de horarios cando hai transporte. Estas necesidades concordan coa opinión dos informantes clave, dos cales a maioría sinala como necesidade principal e como diferenza do medio rural co urbano, a carencia de medios de transporte e as malas comunicacións que sofre a zona e de recursos. Para Cabero (2010) e Méndez (2012) é primordial o transporte público para que a poboación poida achegarse a onde poidan recibir a atención que necesitan, e que a súa falta provoca o illamento. Isto percíbeno os informantes clave que recalcan a necesidade de compañía que teñen os maiores no rural, e é que máis de 7 de cada 10 usuarios que viven sos teñen máis de 60 anos e probablemente irá en aumento como sinala Camarero et al. (2009).

Disto pódese extraer que o rural, e máis concretamente a zona obxecto de estudo, está moi desatendido e a falta de recursos é notable. Os servizos sociais, centro de saúde, farmacias, centros educativos, e outro tipo de recursos básicos atópanse fóra da zona, o que obriga ao desprazamento dos habitantes para facer uso de calquera deles. Pero este desprazamento é inviable se non se dispón de recursos de mobilidade privados, xa que o transporte público é case inexistente ou moi precario na dispoñibilidade de horarios.

O envellecemento trae consigo a dependencia. En Galicia, hai “aproximadamente un dependente por dúas persoas da xeración soporte” (Camarero et al., 2009, p. 90). Na zona un 33,3 % dos usuarios teñen dependencia recoñecida. Os profesionais do centro de saúde detectan tamén esta necesidade.

Con todo o anterior, chégase á conclusión de que os usuarios de servizos sociais son moi maiores, xa que, aínda que a poboación da zona maior de 61 anos só acadou o 34,9 %, a porcentaxe de usuarios desta mesma idade chega ao 60,5 %. A falta de transporte, fai que estas persoas queden illadas física e, moitas veces, psicolóxicamente. Tamén o volume tan elevado de poboación con dependencia e de discapacidade, precisaría dunha mellora nos recursos para achegalos á esta poboación que ten máis difícil a mobilidade.

Para Camarero et al. (2009) a forma de composición dos fogares españois rurais responde ao patrón familiar clásico, familias formadas por unha parella e os fillos. Estas constituían en 2001 o 39,1 % dos fogares, mentres que os fogares formados só por unha parella alcanzaban o 17,3 %. Os usuarios do Rural Norte cumpren este esquema: o 89,5 % vive coa familia extensa. Isto fai que algúns informantes clave vexan unha maior implicación polos menores no rural. Aínda que Lorenzo, Maseda e Millán (2008) ven que a familia extensa está desaparecendo e que ten como resultado o aumento dos fogares unipersoais. Poderíase engadir que os fogares unipersoais están formados por xente moi maior.

No referido á masculinización, son diversas as fontes que caracterizan o rural polo déficit de mulleres: Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (2009), Atance, García Corral, Martínez Jávega, Pujol e Urruela (2010), Camarero et al. (2009), Camarero e Sampedro (2008), Querol (2008) e Atance et al. (2010). Pero non obstante esta última fonte xa exceptúa o caso de Galicia, onde as taxas de masculinidade están por debaixo de 100, debido á maior lonxevidade das mulleres que predominan. Isto é o que se extrae dos resultados obtidos nesta investigación onde un 51,6 % da poboación da zona e un 60,6 % dos usuarios son mulleres.

No referido aos servizos sociais e as prestacións referidas, vese que, como din Camarero et al. (2009), Cobero (2008), Lorenzo, Maseda e Millán (2008) e Méndez (2012), o papel que desempeñan as mulleres tradicionalmente no rural é o da provisión de atención e coidados á poboación dependente. Isto aparece reflectido na prestación económica libranza por coidados no contorno, xa que un 88,6 % das coidadoras son mulleres.

Cabero (2008) e Lorenzo, Maseda e Millán (2008) sinalan que no rural son prioritarios os servizos de proximidade e a atención ás persoas maiores, o que fai que a prestación máis demandada sexa o Servizo de Axuda no Fogar, debido ao desexo das persoas maiores de permanecer no seu domicilio. Isto confírmase na zona, aínda que hai outra prestación relacionada coa permanencia no domicilio como é a libranza por coidados no contorno, que é lixeiramente máis demandada que o SAF.

Pero se se fala de prestación, vese que a prestación que máis usuarios ten é a Prestación Non Contributiva. Isto concorda co dito por Consellería do

Medio Rural e do Mar (2014), García Sanz (1996) e Jurado e Pérez-Mayo (s.d), que recalcan a forte dependencia do rural das pensións. Un dato que chama a atención é a opinión de varios informantes clave, que ven que unha necesidade é a de alimentos, o que concorda coa prestación para o mesmo concepto, MAPIS manutención, a cal perciben 7 persoas de 160. Pero isto contrasta, a súa vez, coa opinión de moitos informantes clave que sinalan que o rural conta coa vantaxe de ter cubertas certas necesidades básicas como é a alimentación, debido a posibilidade de ter horta. En canto á información, 4 de cada 10 informantes clave opinan que a información sobre os recursos non chega á poboación, en consonancia co que di Cabero (2008); e moitos destacan que hai un descoñecemento sobre o que é o rural e as súas necesidades.

## 6. CONCLUSIÓNS

A todos os efectos a zona Rural Norte trátase dunha zona rural, como quedou demostrado no epígrafe anterior. Conta coas características propias do rural, como son a dispersión, falta de recursos e envellecemento. Aínda que estea enmarcado dentro dun gran concello como é o de Santiago, non conta con todas as boas condición que teñen na cidade, e ten peculiaridades que se debían ter en conta á hora de realizar a planificación dos recursos. Deberíase facer un achegamento dos máis básicos, trasladando incluso os xa existentes, como a Unidade de Traballo Social ou un pequeno centro de saúde, á unha zona onde todos puidesen chegar.

Por último, considerase imprescindible para poder prestar unha atención axeitada, contar coa opinión das persoas que traballan coa mesma (como se fixo neste pequeno estudo), que ven e traballan todos os días coa poboación e coñecen de primeira man as súas necesidades e carencias.

## 7. AGRADECEMENTOS

Quero agradecer a todas as persoas que participaron na realización desta investigación, especialmente a Traballadora Social da UTS Rural Norte: grazas por TODO Marisol.

## 8. REFERENCIAS

- Aldrey Vázquez, J.A. (1997). Caracterización de la población periurbana de Santiago de Compostela. *Treballs de la Societat Catalana de Geografia*, 45(XII), 89-109.

- Atance, I., García Corral, A., Martínez Jávega, M.T., Pujol, R. e Urruela, J. (2010). La población rural en España: un enfoque a escala municipal. *Economía Agraria y Recursos Naturales*, 10(1), 35-57.
- Aucasa (2012). Recuperado de <http://www.aucasabus.com/buscador>
- Cabero, V. (2010, xullo). Mundo Rural y Servicios Sociales. Comunicación presentada ó *Encuentro de expertos en Inclusión Social en Valladolid IntegrACTÚA*. Valladolid.
- Camarero, L. (coord.), Cruz, F., González, M., Del Pino, J. A., Oliva, J. y Sampedro, R. (2009). *La población rural de España. De los desequilibrios a la sostenibilidad social*. Barcelona: Fundación “La Caixa”.
- Camarero, L. y Sampedro, R. (2008). ¿Por qué se van las mujeres? El continuum de movilidad como hipótesis explicativa de la masculinización rural. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 124, 73-105.
- Centros Socioculturais de Santiago (2005). Recuperado de <http://www.santiagosociocultural.org/centros/?lg=gal>
- Charroalde, J. e Fernández, D. (2006). *La discapacidad en el medio rural*. Recuperado de <http://www.rovira-beleta.com/biblioteca/Medio%20Rural.pdf>
- Compostela Virtual (2015). Recuperado de <http://www.compostelavirtual.com/>
- Concello de Santiago. (2005a). Recuperado de [http://www.santiagodecompostela.org/turismo/interior.php?txt=t\\_contorno&lg=cas](http://www.santiagodecompostela.org/turismo/interior.php?txt=t_contorno&lg=cas)
- Concello de Santiago (2005b). Recuperado de [http://www.santiagodecompostela.org/facendo\\_cidade/facendo.php?txt=fc\\_asociacionismo&lg=cas](http://www.santiagodecompostela.org/facendo_cidade/facendo.php?txt=fc_asociacionismo&lg=cas)
- Concello de Santiago (2005c). Recuperado de [http://www.santiagodecompostela.org/turismo/interior.php?txt=t\\_chegar&lg=cas](http://www.santiagodecompostela.org/turismo/interior.php?txt=t_chegar&lg=cas)
- Consellería do Medio Rural e do Mar (2014). *Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020*. Recuperado de [http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/desenvolvemento/PDR/avaliacion\\_ambiental/DOC\\_PDR\\_ISA.pdf](http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/desenvolvemento/PDR/avaliacion_ambiental/DOC_PDR_ISA.pdf)
- Coordinadora Española de Polígonos Empresariales (2015). Recuperado de <http://www.poligonoscepe.org/noticias-detalle.asp?id=14490>

- *Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.* (2010, 19 de febreiro). Recuperado de [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100219/Anuncio579E\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100219/Anuncio579E_gl.html)
- *Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios.* (2012, 30 marzo). Recuperado de [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120330/AnuncioCA05-270312-14010\\_es.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120330/AnuncioCA05-270312-14010_es.html)
- *Decreto 126/1984, do 27 de xullo, polo que se aproba o mapa sanitario de Galicia.* (1984, 16 agosto). Recuperado de <http://www.sergas.es/cas/NormativaConvenios/NormativaSanitaria/archivos/168198415631001.htm>
- Finsa (2010). Recuperado de <http://www.finsa.es/publicaciones/fin-saweb.nsf/empresa11?OpenPage&L=ES&M=A>
- García Sanz, B. (1994). Alcance y significado de las entidades singulares de poboación como concepto para cuantificar la poboación rural. *Revista de Estudios Agro-Sociales*, 168, 199-221.
- García Sanz, B. (1996). *La sociedad rural ante el S. XXI*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- IGE (2015). Recuperado de <http://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>
- IMSERSO (2015). Recuperado de [http://www.imserso.es/imserso\\_01/pres-taciones\\_y\\_subvenciones/pnc\\_invalidez/normativa\\_requisitos/index.htm](http://www.imserso.es/imserso_01/pres-taciones_y_subvenciones/pnc_invalidez/normativa_requisitos/index.htm)
- Jurado, A. e Pérez-Mayo, J. (s.d). *Análisis de las diferencias espaciales de las tasas de pobreza*. Recuperado de <http://campus.usal.es/~XVEEP/PAPERS/V3S1/XVEEP-63%20JURADO.pdf>
- *Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.* (2008, 18 decembro). Recuperado de [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20081218/Anuncio4C642\\_es.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20081218/Anuncio4C642_es.html)
- *Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.* (2014, 30 maio). Recuperado de [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140530/AnuncioC3B0-280514-0001\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140530/AnuncioC3B0-280514-0001_gl.html)

- *Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.* (1985, 3 abril). Recuperado de [http://noticias.juridicas.com/base\\_datos/Admin/l7-1985.t2.html#c1](http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/l7-1985.t2.html#c1)
- *Ley 45/2007, de 13 de diciembre, para el desarrollo sostenible del medio rural.* (2007, 14 diciembre). Recuperado de <http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/ley-para-el-desarrollo-sostenible-del-medio-rural/>
- *Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local.* (2013, 30 diciembre). Recuperado de [http://noticias.juridicas.com/base\\_datos/Admin/519625-l-27-2013-de-27-dic-razionalizacion-y-sostenibilidad-de-la-administracion.html#l85](http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/519625-l-27-2013-de-27-dic-razionalizacion-y-sostenibilidad-de-la-administracion.html#l85)
- Lorenzo, T., Maseda, A. e Millán, J.C. (2008). *La dependencia en las personas mayores: Necesidades percibidas y modelo de intervención de acuerdo al género y al hábitat.* Recuperado de [http://gerontologia.udc.es/librosL/pdf/la\\_dependencia\\_en\\_las\\_personas\\_mayores.pdf](http://gerontologia.udc.es/librosL/pdf/la_dependencia_en_las_personas_mayores.pdf)
- Martínez Coll, J.C. (2001). *Demografía.* Recuperado de <http://www.eu-med.net/coursecon/2/vejez.htm>
- Méndez, A. (2012, abril). Desarrollo y espacio rural en Galicia. Comunicación presentada ó *Seminario Galicia, un mundo rural vivo*. Lalín.
- Miguez, L. (2012, abril). Gobierno y gestión del medio rural en Galicia. La reforma de la administración local. Comunicación presentada ó *Seminario Galicia, un mundo rural vivo*. Lalín.
- Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino (s.d.). *Buenas prácticas en desarrollo rural e igualdad.* Recuperado de [http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/red-rural-nacional/Buenas\\_pr%C3%A1cticas\\_en\\_Desarrollo\\_Rural\\_e\\_Igualdad\\_tcm7-174047.pdf](http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/red-rural-nacional/Buenas_pr%C3%A1cticas_en_Desarrollo_Rural_e_Igualdad_tcm7-174047.pdf)
- Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino (2009). *Población y Sociedad Rural.* Recuperado de [http://www.magrama.gob.es/es/ministerio/servicios/analisis-y-prospectiva/Agrinfo12\\_tcm7-161562.pdf](http://www.magrama.gob.es/es/ministerio/servicios/analisis-y-prospectiva/Agrinfo12_tcm7-161562.pdf)
- Mombus (2015). Recuperado de <http://www.monbus.es/es>
- Novo-Corti, I. E Barreiro-Gen, M (2012, novembro). Territorio y Política Social: Personas En Riesgo De Exclusión. Comunicación presentada ó *1º Congreso Territorial del Noroeste Ibérico*. Astorga.
- Querol, V. (2008). ¿Cuáles son las modernas funciones del mundo rural? La complejidad del mundo rural y las claves para entenderlo. *Guía práctica*

*para el trabajo técnico en desarrollo rural. Dossiers d'Extensió Universitària, 6, 25-33.*

- Saco, A. (2010). Desarrollo rural y despoblación en Galicia: escenarios y desarrollos de futuro. AGER. *Revista de Estudios sobre Despoblación y Desarrollo Rural, 9, 11-30.*
- Turismo de Galicia (2013). Recuperado de [http://www.turgalicia.es/portada?langId=gl\\_ES](http://www.turgalicia.es/portada?langId=gl_ES)
- Tussa (2015). Recuperado de <http://www.tussa.org/web/transporte.php?l=todas&lg=gal>
- Vázquez, I., Sineiro, F. e Lorenzana, R. (2008, xullo). Tipología de municipios rurales de galicia por indicadores socioeconómicos. Comunicación presentada ao *12th International Conference on Project Engineering*. Zaragoza.